



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Asun Estévez

[Ramón Nicolás 16 Abril 2014](#)

1.– Principal trazo do seu carácter?

-Entusiasmo e vitalidade. Non me rindo nin rendida.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-A tolerancia e o respecto polo espazo e a intimidade dos demais

3.– Que agarda das súas amizades?

-Que me queiran como son

4.– A súa principal eiva?

-Hai algunha por aí, a impuntualidade, una batalla constante co tempo. Creo que chegarei tarde ata o o meu enterro..., mais ese día xa non será cousa miña.

5.– A súa ocupación favorita?

-Escribir, una boa conversa e soñar. E viaxar sempre que é posíbel.

6.– O seu ideal de felicidade?

-O abrazo do meu fillo. De tódolos xeitos, son moi inconformista e esixente. Sempre á procura.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-Perder ese abrazo. E perder a palabra.

8.– Que lle gustaría ser?

-Tan só feliz..., paréceme que non é pedir moito.

9.– En que país desexaría vivir?

-Gústame onde vivo, pero non estaría nada mal unha voltiña ou dúas polo mundo.

10.– A súa cor favorita?

-Azul, verde e amarelo que son para min as cores da vida. Agora para vestirme preferentemente de negro.

11. – A flor que máis lle gusta?

-Gústanme todas as flores pero as silvestres as que máis.

12.– O paxaro que prefire?

-As gaivotas. Podo pasar horas ollándoas. Envexo a súa liberdade.

13.– A súa devoción na prosa?

-Non son de devocións pero si de preferencias especiais, Neira Vilas, García Márquez, Saramago..., son de lectura necesaria.

14.– E na poesía?

-A poesía en si mesma. Todo aquel poema que me faga vibrar e me obrigue a lelo e relelo unha e outra vez.

15.- Un libro?

-Serían moitos. Non podería escoller. Imposible decantarme por un en particular. Ademais cada etapa da nosa vida necesita de diferentes lecturas, non demandamos sempre o mesmo.

16.– Un heroe de ficción?

-Non son de heroes..., pero cando era nena atopaba en Tarzán un aquel..., parecíame fascinante, salvaxe, primitivo, puro e libre.

17.– Unha heroína?

-Pipi Calzaslargas. Rebelde e auténtica.

18.– A súa música favorita?

-Son totalmente musical. Respiro palabra e respiro música.

19.– Na pintura?

-Dalí e Luguís.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

-Calquera que sexa capaz de saír adiante nas adversidades.

21.– O seu nome favorito?

-Pois o meu. De nena horrorizábame o meu nome. Mais co tempo cheguei a quere-lo, agora mesmo, encántame. Non podería chamarme doutro xeito.

22.– Que hábito alleo non soporta?

-A hipocrisía e a vulgaridade.

23.– O que máis odia?

-Non son de odiar, paréceme un sentimento frustante para quen o sente. Pero si aborrezco algunhas cousas, a inxustiza é a que máis.

24.– A figura histórica que máis despreza?

-A calquera ditador.

25.– Un feito militar que admire?

-Ningún. Sempre deixan algún pouso turbio atrás.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-Confórmome como son aínda que asumo que todo é mellorable.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-Gozando plenamente.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-Contenta. A pesar de tódalas tormentas nacín co esa predisposición. Espero que non me abandone nunca.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-O medo e os seus derivados.

30.– Un lema na súa vida?

-Teño dous: “Querer é poder” e “Vive e deixa vivir”.